

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Orde do 26 de xuño de 2008 pola que se convoca o proceso de selección de entidades colaboradoras con esta consellería, para a xestión de subvencións destinadas a que os traballadores autónomos accedan á sociedade da información, e pola que se aproban as bases reguladoras das devanditas subvencións (procedemento administrativo IN533A).

Advertidos erros na orde de referencia, publicada no DOG nº 129, do 4 de xullo de 2008, en relación á omisión dun dos seus anexos, cómpre introducir o seguinte:

ANEXO III

Relación de agrupacións e epígrafes do IAE non subvencionables pola súa consideración de comercio retalista.

641.-Comercio retalista de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642.-Comercio retalista de carnes e de miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados destes.

643.-Comercio retalista de peixe e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.

644.-Comercio retalista de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645.- Comercio retalista de viños e bebidas de todas as clases.

647.1.-Comercio retalista de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

647.2.-Comercio retalista de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

647.3.-Comercio retalista de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas se atope comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.

651.-Comercio retalista de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2.-Comercio retalista de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.

652.3.-Comercio retalista de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4.-Comercio retalista de plantas e herbas en herbolarios.

653.-Comercio retalista de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2.-Comercio retalista de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.

654.5.-Comercio retalista de toda clase de maquinaria.

657.-Comercio retalista de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2.-Comercio retalista de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.

659.3.-Comercio retalista de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4.-Comercio retalista de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.

659.5.-Comercio retalista de artigos de xoiaría, relojaría, prataría e bixutaría.

659.6.-Comercio retalista de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e lacado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.

659.7.-Comercio retalista de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

661.3.-Comercio retalista en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección unha variedade relativamente ampla e pouco profunda de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

662.2.-Comercio retalista de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.

Orde do 1 de xullo de 2008 pola que se convocan axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema galego de I+D+I do ano 2008, en réxime de concorrencia competitiva.

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle no seu artigo 27.19º que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia do fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2º da Constitución.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1º, establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia, e crea

para lograr este obxectivo o Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 21 de setembro de 2006, aprobou o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica-Incite (2006-2010).

No Decreto 231/2006, do 23 de novembro, indícase que lle corresponde á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o establecido na Lei 12/1993, do 6 de agosto, o Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico (Incite) está integrado por tres tipos de programas: programas horizontais, xerais e sectoriais. Os programas xerais están dirixidos particularmente á promoción da actividade innovadora do sistema público de I+D+I, e dos centros tecnolóxicos. Entre eles, o programa xeral de consolidación e estruturación do sistema de I+D+I trata de contribuír á consolidación e especialización competitiva das unidades de investigación, buscando corrir a excesiva fragmentación e constatable dispersión de capacidades que mingua a potencialidade científica e tecnolóxica do sistema galego de ciencia e tecnoloxía.

A materialización destes obxectivos require novos instrumentos que potencien a organización competitiva e a dotación dos recursos necesarios para dar un salto significativo na calidade e impacto dos resultados da actividade científica. No Incite establécese a concesión de axudas a grupos de investigación, baixo a fórmula de contratos programa, como un instrumento que contribúa a dimensionar e cohesionar os grupos de investigación, e potencie a complementariedade das capacidades dispoñibles no sistema. En definitiva, é a aposta por grupos de maior dimensión, interdisciplinares e especializados en liñas de investigación que encaixen entre si e garantan que o sistema galego de ciencia e tecnoloxía atende os temas de maior relevancia para Galicia.

Así mesmo, dentro deste programa inclúense as axudas dirixidas aos centros de investigación con actividade investigadora que poida cualificarse de excelente co fin de dotalos de apoio específico. Establécese a concesión de axudas en función dun programa por obxectivos que permita estimular a investigación para levar a cabo proxectos altamente competitivos e estratéxicos.

Mediante esta orde convócanse axudas dirixidas aos centros de investigación e grupos de investigación do Sistema Universitario Galego (en adiante SUG) e demais organismos do sistema público de I+D+I. Estas axudas, que recoñecen e premian o esforzo na obtención de resultados de calidade, concédense sobre a base dos resultados contrastables da actividade investigadora e co compromiso de

desenvolver un programa por obxectivos particularizado para cada beneficiario da axuda e no que se plasmen os fitos que se agardan obter, necesariamente ligados a unha mellora contrastable nos resultados da actividade investigadora, prevéndose a súa renovación en función do cumprimento dos obxectivos fixados.

As axudas obxecto desta orde son de dous tipos: por unha banda as axudas de nova adxudicación para o ano 2008, e renovables nos exercicios seguintes segundo as condicións e requisitos de concesión que se establezan nas correspondentes convocatorias anuais no *Diario Oficial de Galicia*, e pola outra, a renovación da axuda para o período de 2008 destinada a aqueles grupos de investigación que a obtiveron na convocatoria do ano 2007.

As axudas que se concedan, dado que as actividades de I+D non se realizan por conta ou en colaboración con empresas, non teñen a consideración de axudas do Estado para os efectos do punto 1 do artigo 87 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e do encadramento comunitario sobre axudas de Estado de investigación e desenvolvemento (96/C45/06).

Polo que antecede, esta consellería,

DISPÓN:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións, baixo a fórmula de contratos programa, da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria.

As axudas teñen por obxecto a estruturación do sistema galego de I+D+I na procura dunha maior e mellor competitividade realizando unha investigación de calidade, promovendo a consolidación e o dimensionamento das unidades de investigación do SUG e demais organismos de investigación que desenvolven a súa actividade investigadora en Galicia.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse estas subvencións para o ano 2008 en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, cos tipos de subvencións que a seguir se indican e que se rexerán polas seguintes bases xerais, así como por aquelas específicas que se inclúen como anexo a esta orde.

Tipos de subvención, código de procedemento e anexo:

1. Axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema galego de I+D+I, de nova adxudicación en 2008: IN845A: anexo I.

2. Axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do siste-

ma galego de I+D+I de renovación das concedidas en 2007: IN845B: anexo II.

Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro, nas cales existe crédito adecuado e suficiente no orzamento da comunidade autónoma para o ano 2008, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios establecidos nos artigos correspondentes destas bases. A aplicación sinalada cun asterisco está cofinanciada con fondos Feder (eixo I, tema prioritario 01, do Programa operativo de Galicia 2007-2013) e FCI.

<u>Aplicación orzamentaria</u>	<u>2008</u>
10.02.561B.744.0(*)	2.765.000 €
10.02.561A.740.0	734.000 €
10.02.561A.743.0	190.000 €
10.02.561A.781.0	3.380.000 €
Total	7.069.000 €

2. As axudas previstas nesta orde serán incompatíbeis con calquera outra das que poida conceder esta consellería para o mesmo fin. Ademais, tamén serán incompatíbeis coas axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG concedidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Polo demais, estas axudas serán compatibles con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que fose a súa natureza, e a entidade que a conceda, sempre que, conxuntamente, non superen o custo total do proxecto.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os grupos de investigación do SUG, organismos públicos de investigación (Consello Superior de Investigacións Científicas, Instituto Español de Oceanografía) e centros de investigación da rede pública sanitaria, así como os centros de innovación e tecnoloxía.

Artigo 4º.-Requisitos dos interesados e presentación de solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada aos modelos normalizados segundo o tipo de axuda e dos cales, a título exclusivamente informativo, figuran como anexos III, IV, V e VI desta orde as correspondentes portadas. A dita solicitude irá acompañada dos documentos que se especifican no correspondente artigo das bases reguladoras. Ademais, os beneficiarios das axudas convocadas nesta orde deberán reunir as condicións exixidas no artigo 10

da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como os requisitos que se establezan no anexo correspondente.

2. Os formularios de solicitude das subvencións deberánse obter necesariamente a través da aplicación informática establecida nos enderezos da internet <http://www.conselleriaiei.org/dxidi> ou <http://xunta.es/administracion-electronica>.

Artigo 5º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros da Consellería de Innovación e Industria, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 6º.-Información aos interesados.

1. Sobre este procedemento administrativo, que ten os códigos indicados no artigo 1, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de I+D+I, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería (www.conselleriaiei.org), na súa epígrafe de axudas e na oficina virtual.

b) Os teléfonos 881 99 91 53 e 981 54 10 86 da devandita dirección xeral.

c) O enderezo electrónico info.pxi@xunta.es

d) Presencialmente.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Consellería de Innovación e Industria, que é o 981 54 43 41.

Artigo 7º.-Consentimentos e autorizacións.

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 43 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, a presenta-

ción da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Así mesmo, conforme o establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os documentos exixidos que xa estean en poder da Administración actuante non deberán ser achegados coa solicitude, sempre que nela se faga constar a data e órgano ou dependencia en que foi presentada a documentación e que non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponda.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Artigo 8º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, correspondéndolle ao conselleiro de Innovación e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 9º.-*Instrución do procedemento e tramitación.*

1. Se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase mediante anuncio na páxina web da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (<http://www.conselloriaei.org/dxidi/>) o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do

procedemento administrativo común, e cos efectos previstos no artigo 42.1º da citada lei.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirírselle ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 10º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados nos correspondentes anexos, así como de propoñer a concesión ou denegación da subvención ao interesado.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidencia: un/unha subdirector/a xeral da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación ou persoa en quen delegue.

b) Secretaría: funcionario ou funcionaria da Dirección Xeral de I+D+I.

c) Tres vogais designados polo director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación entre expertos do sistema galego de ciencia e tecnoloxía.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no anexo correspondente. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das actuacións subvencionables quedarán en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nas actuacións inicialmente subvencionadas, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 11º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez

días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 12º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro de Innovación e Industria.

2. O conselleiro de Innovación e Industria, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía, ou, de ser o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario, ou, de ser o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecido.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de nove meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Innovación e Industria con indicación neste caso da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada. Así mesmo, indicárase que as solicitudes que non figuren na devandita publicación deberán entenderse desestimadas, así como a causa de desestimación

5. Os grupos de investigación que resulten beneficiarios das axudas do tipo I (nas súas modalidades A e B) desta convocatoria, serán inscritos, de oficio, no Catálogo de grupos creado pola Orde do 10 de xuño de 2008, da Consellería de Innovación e Industria (DOG nº 124, do 27 de xuño), de conformidade co establecido no artigo 8 da devandita orde.

Artigo 13º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administra-

tiva e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 14º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión por instancia do beneficiario, sempre que estea presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do investimento obxecto de subvención e se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Innovación e Industria logo da instrución do correspondente expediente no que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 11º destas bases xerais.

Artigo 15º.-*Acceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, unha vez notificada, os interesados propostos como beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez días para á súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada, e desde ese momento adquirirán a condición de beneficiarios.

A renuncia á subvención farase axustándose ao modelo que se inclúe como anexo VII destas bases.

2. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro de Innovación e Industria ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 16º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigados a:

a) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

b) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

c) Comunicarlle á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, no momento en que sexan beneficiarios de calquera axuda concedida para o mesmo fin, o seu importe e duración.

Artigo 17º.-*Conceptos subvencionables.*

1. Custo de persoal investigador ou de apoio dedicado ao cumprimento dos obxectivos do contrato programa (nas modalidades A e B definidas nos anexos I e II desta orde, este custo debe referirse a persoal contratado especificamente ao cumprimento destes obxectivos).

2. Material funxible e pequeno equipamento científico, así como o seu mantemento. O custo do equipamento científico non poderá superar o importe de 60.000 euros.

3. Material bibliográfico.

4. Custos de formación do persoal do grupo/centro de investigación.

5. Custos en actividades de mobilidade e difusión científica.

6. Actividades específicas de divulgación do coñecemento.

En ningún caso se permitirá a subcontratación, entendida esta nos termos en que aparece definida no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non poderán incluírse custos xa financiados a través das subvencións de proxectos concedidos ao abeiro das convocatorias da Consellería de Innovación e Industria.

Artigo 18º.-*Xustificación da subvención.*

1. No caso de organismos públicos de investigación, será necesario que na data límite do 31 de outubro de 2008 o organismo competente remita certificación expresiva da realización dos gastos en que conste o concepto subvencionable e o importe de cada un deles, correspondentes á axuda outorgada. No caso de que o pagamento destes gastos realizados ata o 31 de outubro se efectúe con posterioridade, emitírase outra certificación en que se faga constar este pagamento. O prazo para que estouta certificación teña entrada na Dirección Xeral de I+D+I remata o 30 de decembro de 2008. As certificacións deberán realizarse de acordo cos modelos que se publicarán na páxina web <http://www.conselleriaiei.org/dxidi>.

2. No caso dos centros de investigación de carácter privado, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación antes do 31 de outubro de 2008:

a) Un resumo da execución da subvención, que deberá axustarse aos modelos que se publicarán na páxina web <http://www.conselleriaiei.org/dxidi>.

b) Documentación acreditativa de realización do investimento ou gasto, que consistirá en orixinal e unha copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes de pagamento. En ningún caso se admitirán xustificantes de pagamento posteriores ao 31 de decembro do exercicio correspondente.

c) De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de adquisición de material inventariable ou prestación de servizos tecnolóxicos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, por importe superior a 12.000 euros, deberán achegarse:

-Tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención.

-Unha memoria xustificativa cando a elección non recaía na proposta económica máis vantaxosa.

d) No caso dos custos de persoal investigador ou de apoio, deberá achegarse:

-Certificación emitida polo responsable de persoal co visto e prace do xerente ou director da empresa, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ao cumprimento dos obxectivos do contrato programa, que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto no centro tecnolóxico, retribución bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo ao centro tecnolóxico e data de pagamento da Seguridade Social.

-Copia compulsada das nóminas e boletíns de cotización á Seguridade Social do persoal dedicado ao cumprimento dos obxectivos do contrato programa.

-Copia compulsada do contrato de traballo, no caso do persoal adicional contratado con dedicación específica ao cumprimento dos obxectivos do contrato programa.

e) No caso de gastos de viaxes deberá achegarse unha certificación das viaxes realizadas, acompañada da documentación acreditativa de realización do gasto.

f) Certificación expedida pola entidade bancaria en que se sinale o número de conta do beneficiario onde se deba realizar o pagamento.

3. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En ningún caso se admitirán xustificantes de pagamento posteriores ao 31 de decembro de 2008.

4. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro de Innovación e Industria ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 19º.-*Pagamento.*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán solicitar as aclaracións ou informes que estimen oportunos.

2. Admitiranse custos asociados ás accións propostas realizados e efectivamente pagados desde o 1 de xaneiro de 2008 ata a data límite de xustificación.

3. Para efectuar o pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

4. As subvencións concedidas ao persoal investigador das universidades e centros de investigación públicos non dependentes da Xunta de Galicia, serán libradas a través do organismo a que pertence o investigador solicitante.

Artigo 20º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como aos xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seranlles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21º.-*Control.*

1. A Consellería de Innovación e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 22º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Innovación e Industria.

Artigo 23º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases estarase suxeito ao establecido no Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2006/C 323/01), na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no resto de normativa que resulte de aplicación.

Disposición derradeira.

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para que dite as resolu-

cións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación das unidades de investigación, que baixo a modalidade de contrato programa van dirixidas aos grupos de investigación do SUG, organismos públicos de investigación con sede en Galicia (Consello Superior de Investigacións Científicas, Instituto Español e de Oceanografía) e centros de investigación da rede pública sanitaria galega, así como aos centros de investigación e innovación da Comunidade Autónoma de Galicia (axudas de nova adxudicación en 2008-tipo de axuda 1)

Artigo 1º.-*O obxecto das axudas é promover a consolidación e a estruturación das unidades de investigación competitivas do sistema galego de I+D+I.*

As axudas terán vixencia ata 2010 e a súa renovación anual realizarase a través da convocatoria correspondente no *Diario Oficial de Galicia*, na cal se establecerán os requisitos e condicións para a súa concesión.

Artigo 2º.-*Dentro deste tipo establécense tres modalidades de axuda.*

Modalidade A:

Nesta modalidade os beneficiarios das axudas son os grupos de investigación do SUG, CSIC, IEO radicados en Galicia e que no momento de publicación desta convocatoria no DOG estean recoñecidos como tales pola institución ou organismo a que están vinculados.

Para os efectos destas axudas, os grupos de investigación deben constar como mínimo de tres doutores con dedicación completa a algún dos organismos públicos de investigación citados no parágrafo anterior, dos que un deles debe ter vinculación estatutaria ou contractual estable co organismo público a que pertence.

Modalidade B:

Nesta modalidade os beneficiarios das axudas son os grupos de investigación pertencentes ao sistema sanitario público galego. Estes grupos deben estar formalizados diante do organismo do sistema sanitario galego que corresponda, que, no prazo previsto para a presentación de solicitudes, lle remitirá á

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación a relación de grupos de investigación formalizados. Para que se consideren validamente constituídos deberá quedar probada unha traxectoria investigadora conxunta (a través de publicacións, proxectos de investigación...) e asumido o compromiso de estabilidade.

Para os efectos destas axudas o grupo de investigación deberá constar, como mínimo, de 3 membros con dedicación completa ao organismo, sendo requisito, ademais, que un deles sexa doutor/a con vinculación estatutaria ou contractual estable ao centro sanitario.

Modalidade C:

Nesta modalidade poderán ser beneficiarios das axudas os centros de innovación e tecnoloxía xa consolidados que se relacionan a seguir (agás aqueles que teñan dereito a solicitar a renovación da axuda concedida en 2007):

-Centro Tecnolóxico AIMEN.

-Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos da Pesca (Anfaco-Cecopesca).

-Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación Cesga).

-Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG).

-Centro Tecnolóxico da Pesca de Celeiro (Cetpec).

-Centro Tecnolóxico Galego de Acuicultura (Cetga).

Artigo 3º.-*Contía das subvencións.*

1. Para as modalidades A e B, as axudas serán de aplicación por unha anualidade, mediante o pagamento dunha contía fixa máis outra variable, en función dos resultados de investigación acadados, segundo a seguinte distribución:

a) Módulo fixo: por importe de 12.000 euros anuais.

b) Módulo variable, acumulable ao anterior, que se aplicará en función dos resultados da actividade investigadora. A comisión de valoración establecerá, tendo en conta as disponibilidades orzamentarias, a equivalencia económica da puntuación obtida en cada indicador. Para o cálculo deste módulo variable teranse en conta os resultados referidos ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2007.

A contía máxima da axuda non superará os importes seguintes, segundo o tipo de beneficiarios:

-40.000 euros cando o solicitante sexa un grupo de investigación pertencente ao SUG.

-100.000 euros para o resto dos beneficiarios.

2. Na modalidade C as axudas serán de aplicación por unha anualidade, e establecerase a contía en función dos resultados da actividade investigadora.

A contía máxima da axuda non será superior a 1.000.000 de euros.

Artigo 4º.-Formalización das solicitudes.

A solicitude constará dos seguintes documentos:

1. Formulario normalizado de solicitude obtido nos enderezos da internet sinalados no artigo 4º das bases xerais, que inclúe a memoria descritiva do solicitante, segundo o tipo de axuda e a modalidade da que se trate. A dita memoria recollerá os resultados de investigación que se van valorar, sendo estes méritos os indicados no artigo 5º deste anexo.

Nas modalidades A e B o formulario de solicitude deberá ser asinado polo coordinador do grupo de investigación e presentarse co visto e praxe do representante legal do organismo correspondente; na modalidade C debe ser asinado polo representante legal do centro. Esta sinatura supón o compromiso de verificación dos datos que se presentan na solicitude.

2. Nas modalidades A e B, no caso de que o grupo non se atope inscrito no catálogo de grupos de investigación creado por Orde do 10 de xuño de 2008, da Consellería de Innovación e Industria (DOG nº 124, do 27 de xuño), certificación da composición do grupo emitida polo organismo responsable, en que se indique código e denominación do grupo.

3. Documentación acreditativa dos resultados de investigación que se alegan para o período de referencia (orixinal ou copia compulsada). Este período de referencia será o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2007.

4. Plan de actuación para desenvolver no período 2008-2010 en que figuren as accións previstas para a mellora contrastable dos seus resultados de investigación, sobre todo naqueles ítems en que se amosan as debilidades.

5. Nas solicitudes de axudas que procedan de persoal pertencente a centros sanitarios que xestionen as súas actividades de investigación a través de fundacións de interese galego (Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego), o Servizo Galego de Saúde deberá dar o seu visto e praxe á solicitude e autorizar a correspondente fundación sanitaria de interese galego para que xestione a subvención. Pola súa banda, o representante legal da fundación deberá asinar a aceptación da devandita xestión.

6. Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas, utilizando para estes efectos o documento que se inclúe no modelo de solicitude.

Ademais, no caso de que a solicitude proceda dun organismo de investigación de carácter privado, presentárase a seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do CIF do centro solicitante.
- b) Copia compulsada do xustificante de alta na Seguridade Social.
- c) Copia compulsada do poder bastante con que actúa o representante legal do centro.
- d) Copia compulsada do documento nacional de identidade do representante legal do centro.
- e) Copia compulsada da escritura de constitución do centro e modificacións, de ser o caso, da persoa xurídica a que representa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou Industrial.

7. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención das axudas recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Na modalidade A esta declaración deberá ser remitida á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación polo organismo a través do cal se presente algunha solicitude, non é necesaria máis que unha única declaración, válida para o conxunto de solicitudes presentadas polo seu persoal.

Artigo 5º.-Criterios de valoración e selección.

O proceso para a determinación da axuda consta de dúas fases. Nunha primeira fase, valoráranse os resultados de investigación achegados polo grupo/centro, conforme os baremos que se detallan a continuación. Feita esta valoración e nunha segunda fase, realizarase a selección dos beneficiarios das axudas, en función da puntuación acadada e farase unha proposta da contía da axuda, suxeita as restricións orzamentarias existentes.

Para a baremación dos resultados de investigación aplicarase o seguinte baremo sobre os méritos alegados polo grupo/centro, segundo a modalidade de que se trate. En todo caso os resultados de investigación achegados necesariamente terán que circunscribirse a algúns dos seguintes ítems:

Modalidade A:

a) Evolución do grupo de investigación (máximo 10 puntos):

-Número de membros doutores iniciais do grupo (ano 2002 ou, de ser posterior, ano de constitución do grupo) que permanecen nel:

Menos de catro doutores: 0,25 puntos.

Entre catro e seis doutores: 0,7 puntos.

Máis de 6 doutores: 1,25 puntos.

-Persoal investigador incorporado de forma permanente ao grupo (non computan os seus membros iniciais).

Por cada doutor incorporado: 0,5 puntos.

b) Produtividade científica (máximo 20 puntos):

Sexenios/quinquenios de investigación computados en relación aos doutores do grupo:

Por doutor con 1 sexenio: 0,5 puntos.

Por doutor con 2 sexenios: 1,5 puntos.

Por doutor con 3 ou máis sexenios: 3 puntos.

c) Realización de proxectos de investigación de convocatorias competitivas, sendo o IP membro do grupo de investigación e concedidos entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2007 (máximo 25 puntos).

Proxectos do programa marco da UE (5 puntos).

Proxectos do Plan galego e Plan nacional de I+D (2 puntos) (no caso do Plan galego só se computan os proxectos que foron concedidos en convocatorias con sistema de avaliación externa).

d) Actividades de transferencia: contratos/convenios de I+D con empresas e/ou administracións públicas, sempre que supoñan actividade de investigación ou servizos de innovación, asinados entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2007, e patentes rexistradas e en explotación. Exclúense os servizos tecnolóxicos, as auditorías, informes e demais actividades que non incorporan maior coñecemento ou non supoñen transferencia de coñecemento cara á sociedade (máximo 20 puntos).

Por cada tramo de 15.000 euros: 0,20 puntos.

Por cada patente rexistrada: 1 punto.

Por cada patente en explotación: 3 puntos.

e) Capacidade e compromiso de formación: lectura de teses de doutoramento e bolseiros/contratados mediante convocatorias competitivas de programas específicos de formación de investigadores (FPU, FPI, María Barbeito e similares) nos últimos 6 anos (máximo 20 puntos).

Por cada tese de doutoramento dirixida e lida: 1 punto.

Por cada persoal en formación incorporado (ligado a convocatorias distintas): 0,75 puntos.

Modalidade B: grupos de investigación pertencentes ao sistema sanitario público galego:

a) Evolución do grupo de investigación (máximo 10 puntos):

-Número de membros iniciais do grupo (no ano 2002 ou, de ser posterior, no ano de constitución do grupo), sendo como mínimo un deles doutor, que permanecen nel:

Menos de catro membros: 0,20 puntos.

Entre catro e seis membros: 0,5 puntos.

Entre sete e dez membros: 1 punto.

Máis de dez membros: 1,3 puntos.

-Persoal investigador doutor incorporado ao longo do período de forma permanente ao grupo (non computan os seus membros iniciais).

Por cada doutor incorporado: 1 punto.

b) Produtividade científica (máximo 20 puntos):

Publicacións en revistas científicas da correspondente área indexadas no *Journal Citation Report*. Só se contabilizarán os artigos publicados entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2007. No caso de artigos con varios autores non pertencentes ao mesmo grupo de investigación, adscribirase o artigo ao grupo a que pertence a maioría dos coautores e, de non existir a dita maioría, ao grupo a que pertence o primeiro asinante.

Por cada artigo con factor de impacto do cuartil superior: 1 punto.

Por cada artigo con factor de impacto do segundo e terceiro cuartil: 0,5 puntos.

c) Realización de proxectos de investigación de convocatorias competitivas, sendo o IP membro do grupo de investigación e concedidos entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2007. (Máximo 25 puntos).

Proxectos do programa marco da UE (5 puntos).

Proxectos do Plan galego e Plan nacional de I+D (2 puntos) (no caso do Plan galego só se computan os proxectos que foron concedidos en convocatorias con sistema de avaliación externa).

d) Actividades de transferencia: contratos/convenios de I+D con empresas e/ou administracións públicas, sempre que supoñan actividade de investigación ou servizos de innovación, asinados entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2007, e patentes rexistradas e en explotación. Exclúense os servizos tecnolóxicos, as auditorías, informes e demais actividades que non incorporan maior coñecemento ou non supoñen transferencia de coñecemento cara á sociedade (máximo 25 puntos).

Por cada tramo de 15.000 euros: 0,20 puntos.

Por cada patente rexistrada: 1 punto.

Por cada patente en explotación: 3 puntos.

e) Capacidade e compromiso de formación: lectura de teses de doutoramento e bolseiros/contratados mediante convocatorias competitivas de programas específicos de formación de investigadores (FPU, FPI, María Barbeito e similares) nos últimos 6 anos (máximo 15 puntos):

Por cada tese de doutoramento dirixida e lida: 1 punto.

Por cada persoa en formación incorporada (ligada a convocatorias distintas): 0,75 puntos.

Realizada a valoración dos resultados de investigación, a comisión valorará os seguintes ítems podendo outorgar como máximo 3 puntos:

-Participación equilibrada de investigadoras, principalmente nas tarefas de dirección e planificación

-Utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.

Modalidade C:

Para a valoración das solicitudes aplicarase o seguinte baremo sobre os méritos alegados polo centro, que se debe circunscribir a algúns dos seguintes:

a) Recursos humanos propios, medidos a partir dos seguintes indicadores en relación ao cadro de persoal do centro (máximo 25 puntos).

Titulados universitarios superiores (contratados para exercer tarefas de I+D que se correspondan a súa titulación): 0,5 puntos.

Doutores: 1,25 puntos.

b) Capacidade de captación de recursos económicos en I+D+I medida a partir dos ingresos por I+D+I (máximo 30 puntos).

Ingresos procedentes de financiamento privado (máximo 20 puntos).

Por cada tramo de 250.000 euros: 0,25 puntos.

Ingresos procedentes de financiamento público (máximo 10 puntos).

Por cada tramo de 250.000 euros: 0,25 puntos.

c) Actividade investigadora: relación de proxectos de investigación de convocatorias competitivas sendo o investigador principal do proxecto persoal do centro (máximo 25 puntos):

Proxectos do programa marco da UE (5 puntos).

Proxectos do Plan galego e Plan nacional de I+D (2 puntos) (no caso do Plan galego só se computan os proxectos que foron concedidos en convocatorias públicas).

d) Patentes rexistradas e en explotación (máximo 15 puntos).

Por cada patente rexistrada: 1 punto.

Por patente en explotación: 3 puntos.

O período de referencia para as letras b) e c) establécese entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2007.

Realizada a valoración dos resultados de investigación, a comisión valorará os seguintes ítems podendo outorgar como máximo 5 puntos:

-Presenza equilibrada de investigadoras, principalmente nas tarefas de dirección e planificación.

-Utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.

Previamente á elaboración da proposta de solicitudes beneficiarias, a comisión asignará a cada solicitante unha puntuación final normalizada mediante un algoritmo que terá en conta a puntuación máis alta acadada na correspondente modalidade e, se procede no caso dos grupos de investigación, o número de membros e a existencia de desviacións significativas entre grandes áreas nos valores acadados.

Feita a ordenación dos solicitantes para cada unha das modalidades en función da puntuación final acadada, a comisión elaborará a relación de grupos e centros de investigación para os que se propón financiamento, así como o importe da axuda que se concederá tendo en conta as disponibilidades orzamentarias.

ANEXO II

Bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das subvencións para a consolidación e estruturación das unidades de investigación, dirixidas aos grupos de investigación do SUG, organismos públicos de investigación con sede en Galicia (Consello Superior de Investigacións Científicas, Instituto Español e de Oceanografía), e centros de investigación da rede pública sanitaria galega, así como aos centros de investigación e innovación da Comunidade Autónoma de Galicia que obtivesen axudas para esta mesma finalidade na convocatoria de 2007 da Consellería de Innovación e Industria (tipo de axuda 2)

Artigo 1º.-*Obxecto e vixencia da subvención.*

O obxecto das axudas é promover a consolidación e a estruturación das unidades de investigación competitivas do sistema galego de I+D+I.

Estas axudas terán vixencia ata 2010. En todo caso, a renovación anual das axudas realizarase a través da convocatoria correspondente no *Diario Oficial de Galicia*, en que se establecerán os requisitos e condicións para a súa concesión.

Artigo 2º.-*Beneficiarios e modalidades de axuda.*

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, os grupos de investigación do SUG, organismos públicos de investigación (Consello Superior de Investigacións Científicas, Instituto Español de Oceanografía) e centros de investigación da rede pública sanitaria, así como os centros de Innovación e Tecnolo-

xía que obtivesen as correspondentes axudas para a consolidación e a estruturación das unidades de investigación na convocatoria de 2007 da Consellería de Innovación e Industria (Orde do 3 de outubro de 2007 da Consellería de Innovación e Industria, DOG nº 200, do 16 de outubro).

Artigo 3º.-*Criterios de valoración e contía das subvencións.*

Para a renovación das axudas obtidas na convocatoria de 2007, nas modalidades A, B e C, as axudas serán de aplicación por unha anualidade, realizándose un único pagamento.

Para o cálculo do importe da axuda, teranse en conta tanto os resultados de investigación referidos ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2007, como a valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no plan de actuación.

Para a cuantificación da axuda consideraranse ademais os seguintes criterios:

-Para as modalidades A e B, os importes máximos para cada axuda non superarán o límite de 40.000 € establecido no exercicio anterior para as universidades, nin os importes concedidos no citado exercicio para o resto dos beneficiarios; para a modalidade C o importe máximo da axuda non superará o importe concedido no exercicio anterior.

- No caso de que se incumpran os obxectivos establecidos no plan de actuación, ou se produzan variacións negativas nos resultados de investigación, reducirase a contía da axuda de renovación para 2008, e poderase incluso perder o dereito a obter a axuda de renovación neste exercicio e nos seguintes, sen que iso impida a concorrència a outras modalidades (nova adxudicación).

-Para obter a puntuación final determinante do importe total da axuda, daráselle especial consideración ao crecemento naqueles puntos en que o grupo obtivese menor puntuación no exercicio 2007.

-Priorizaranse as variacións relacionadas coa realización de proxectos de investigación e actividades de transferencia, antes que as relacionadas coa composición e características do grupo de investigación.

Artigo 4º.-*Formalización das solicitudes.*

A solicitude constará dos seguintes documentos:

1. Formulario normalizado de solicitude obtido nos enderezos da internet sinalados no artigo 4º das bases xerais, que inclúe a memoria descritiva do solicitante, segundo o tipo de axuda e a modalidade de que se trate. A dita memoria recollerá os resultados de investigación que se van valorar, sendo estes méritos os indicados no artigo 5º do anexo I.

Nas modalidades A e B o formulario de solicitude deberá ser asinado polo coordinador do grupo de investigación e presentarse co visto e prace do representante legal do organismo correspondente; no

tipo de axuda C debe ser asinado polo representante legal do centro. Esta sinatura supón o compromiso de verificación dos datos que se presentan na solicitude.

2. Documentación acreditativa dos resultados de investigación que se alegan para o período de referencia (orixinal ou copia compulsada). Este período de referencia será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2007.

3. Memoria do cumprimento dos obxectivos que se fixaron para 2008 no plan de actuación presentado na convocatoria anterior. Nesta memoria deberán detallarse os resultados acadados ata a data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e os que se prevé acadar no resto do ano 2008, así como a súa repercusión na produción científica e nos resultados xerais de investigación.


4. Nas solicitudes de axudas que procedan de persoal pertencente a centros sanitarios que xestionen as súas actividades de investigación a través de fundacións de interese galego (Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego), o Servizo Galego de Saúde deberá dar o seu visto e prace á solicitude e autorizar a correspondente fundación sanitaria de interese galego para que xestione a subvención. Pola súa banda, o representante legal da fundación deberá asinar a aceptación da devandita xestión.

5. Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas, utilizando para estes efectos o documento que se inclúe no modelo de solicitude.

Ademais, no caso de que a solicitude proceda dun organismo de investigación de carácter privado, presentarse a seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do CIF do centro solicitante.
- b) Copia compulsada do xustificante de alta na Seguridade Social.
- c) Copia compulsada do poder bastante con que actúa o representante legal do centro.
- d) Copia compulsada do documento nacional de identidade do representante legal do centro.
- e) Copia compulsada da escritura de constitución do centro e modificacións, de ser o caso, da persoa xurídica a que representa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou Industrial.

6. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da axuda recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nas modalidades A e B esta declaración deberá ser remitida á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación polo organismo a través do cal se presente algunha solicitude, non sendo necesaria máis que unha única declaración, válida para o conxunto de solicitudes presentadas polo seu persoal.



PROGRAMA XERAL DE CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE I+D+i

Año 2008

PROXECTO	DOCUMENTO					
PROGRAMA PARA A CONSOLIDACIÓN E A ESTRUCTURACIÓN DAS UNIDADES DE INVESTIGACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE I+D+i: GRUPOS DE INVESTIGACIÓN (MODALIDADES A e B - NOVA ADXUDICACIÓN)	SOLICITUDE					
PROXECTO	IN845A					
DATOS DO/DA SOLICITANTE (COORDINADOR DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN)						
PRIMEIRO/APELIDO	SEXO	ORGANISMO	SEGUNDO/APELIDO	CPF	INDICADOR DE PROXECTO	DOCUMENTO
	<input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER					SOLICITUDE
						IN845A
DEPARTAMENTO	PROVINCIA	TELEFONO	EXTENSIÓN	FAX	LOCALIDADE	CODIGO*
ENDEZO	CODIGO POSTAL	TELEFONO	EXTENSIÓN	FAX	CORREO ELECTRONICO	CODIGO*

DATOS DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN

Denominación do grupo de investigación: _____

Acronimo: _____

VISTO E PRAE DA AUTORIDADE QUE REPRESENTA LEGALMENTE O ORGANISMO

Nome ID	LOCALIDADE
CARGO	TELEFONO
ORGANISMO	EXTENSIÓN
	FAX
	CORREO ELECTRONICO

INFORMACIÓN OBLIGATORIA

Orde do 1 de xullo de 2008 polo que se convocan axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema galego de I+D+i do ano 2008, en réxime de concorrencia competitiva.


SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DO CENTRO

_____, de _____ de 2008

Conseleiro de Innovación e Industria
Rúa dos Feáns, 7-local C
15706 Santiago de Compostela

RECHIBID	
REXISTRO E CONFORME	

NUMERO DE EXPEDIENTE	DATA DE ENTRADA	DATA DE EFECTOS	DATA DE SAIDA
/ /	/ /	/ /	/ /



PROGRAMA XERAL DE CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE I+D+i

Año 2008

PROXECTO	DOCUMENTO
PROGRAMA PARA A CONSOLIDACIÓN E A ESTRUCTURACIÓN DAS UNIDADES DE INVESTIGACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE I+D+i: CENTROS DE INNOVACIÓN E TECNOLOXÍA (MODALIDADE C - NOVA ADXUDICACIÓN)	SOLICITUDE
PROXECTO	IN845A
DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE	
DENOMINACIÓN	ACTIVIDADE
DOMICILIO SOCIAL	CONCELLO
CODIGO POSTAL	PROVINCIA
DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL DO CENTRO	
NOME	PRIMEIRO/APELIDO
CARGO	CORREO ELECTRONICO
TELEFONO	EXTENSIÓN
FAX	
DATOS DA PERSOA DE CONTACTO	
NOME	PRIMEIRO/APELIDO
CORREO ELECTRONICO	TELEFONO
EXTENSIÓN	FAX

A presentación desta solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicación dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como ás sancións impostas, nos rexistros de axudas, subvencións e de sancións da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

INFORMACIÓN OBLIGATORIA

Orde do 1 de xullo de 2008 polo que se convocan axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema galego de I+D+i do ano 2008, en réxime de concorrencia competitiva.

SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DO CENTRO


_____, de _____ de 2008

Conseleiro de Innovación e Industria
Rúa dos Feáns, 7-local C
15706 Santiago de Compostela

RECHIBID	
REXISTRO E CONFORME	

NUMERO DE EXPEDIENTE	DATA DE ENTRADA	DATA DE EFECTOS	DATA DE SAIDA
/ /	/ /	/ /	/ /

ANEXO V



PROGRAMA XERAL DE CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I

ANEXOS

ANEXO VI

PROGRAMA XERAL DE CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I

ANEXOS

PROCEDIMENTO ANO 2008

COMARCA/PROCEDEMENTO IN845B

DOCUMENTO SOLICITUDE

PROGRAMA XERAL DE CONSOLIDACIÓN E A ESTRUCTURACIÓN DAS UNIDADES DE INVESTIGACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I- GRUPOS DE INVESTIGACIÓN (MODALIDADES A C B – RENOVACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA EN 2007)

DATOS DO/DA SOLICITANTE (COORDINADOR DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN)

PRIMEIRO/APELIDO _____ SEXO HOME MULLER

SEGUNDO/APELIDO _____ ORGANISMO _____

CORPO* _____

DEPARTAMENTO _____

ENDEZO _____ LOCALIDADE _____

CORPO POSTAL _____ PROVINCIA _____ EXTENSIÓN _____ TELÉFONO _____ FAX _____

CORREO ELECTRÓNICO _____

* VER LISTA DE CORREOS DE CENTROS E DEPARTAMENTOS

DATOS DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN

Denominación do grupo de investigación: _____

Acronimo: _____

VISTO E PRAZE DA AUTORIDADE QUE REPRESENTA LEGALMENTE AO ORGANISMO

DATA ID _____

CARGO _____

ORGANISMO _____

CIPE _____

SINATURA E SELLO _____

LEXIPLACACIÓN APLICABLE

Orde do 1 de xullo de 2008 polo que se convocan axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema galego de I+D+I do ano 2008, en réxime de concorrencia competitiva.

SINATURA DO/A SOLICITANTE _____ de _____ de 2008

RECEBIDO _____

REVISADO E CONFORME _____

NUMERO DE EXPEDIENTE


DATA DE ENTRADA _____

DATA DE EFECTOS _____

DATA DE SAIDA _____

Conseleiro de Innovación e Industria
 Rúa dos Feitais, 7-local C
 15706 Santiago de Compostela

ANEXO VI



PROGRAMA XERAL DE CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I

ANEXOS

ANEXO VI

PROGRAMA XERAL DE CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I

ANEXOS

PROCEDIMENTO ANO 2008

COMARCA/PROCEDEMENTO IN845B

DOCUMENTO SOLICITUDE

PROGRAMA XERAL DE CONSOLIDACIÓN E A ESTRUCTURACIÓN DAS UNIDADES DE INVESTIGACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I- CENTROS DE INNOVACIÓN E TECNOLOXÍA (MODALIDADE C- RENOVACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA EN 2007)

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN _____

CIPE _____

ACRONIMO _____

DOMICILIO SOCIAL _____ CONCELLO _____

CORPO POSTAL _____ LOCALIDADE _____ PROVINCIA _____

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL DO CENTRO

PRIMEIRO/APELIDO _____

SEGUNDO/APELIDO _____

CORPO _____

CARGO _____

CORREO ELECTRÓNICO _____

TELÉFONO _____ FAX _____

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO

PRIMEIRO/APELIDO _____

SEGUNDO/APELIDO _____

CORREO ELECTRÓNICO _____

TELÉFONO _____ EXTENSIÓN _____ FAX _____

A presentación desta solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como ás sancións impostas, nos rexistros de axudas, subvencións e convectos e de sancións da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

LEXIPLACACIÓN APLICABLE

Orde do 1 de xullo de 2008 polo que se convocan axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema galego de I+D+I do ano 2008, en réxime de concorrencia competitiva.

SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DO CENTRO _____ de _____ de 2008

RECEBIDO _____

REVISADO E CONFORME _____


NUMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA _____

DATA DE EFECTOS _____

DATA DE SAIDA _____

Conseleiro de Innovación e Industria
 Rúa dos Feitais, 7-local C
 15706 Santiago de Compostela



Don/D.ª _____, con DNI nº _____, actuando como beneficiario da axuda ou subvención concedida _____, pola que se convocan axudas para _____, por unha contía de _____ euros.

MANIFESTA:
Que o día _____, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a concesión da axuda / subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do _____.

DECLARA:
Que renuncia á axuda ou subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En _____ de _____ de 2008

Sinatura: _____

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Resolución do 23 de xuño de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no primeiro cuadrimestre do ano 2008.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño) impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga, por medio desta resolución dáse publicidade á relación dos convenios subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2008 pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2008.

Miguel Ángel López Sieiro
Secretario xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO

Convenio	Data de sinatura	Importe €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores da Coruña para a realización do plan de recuperación produtiva do marisqueo desde embarcación na ría do Burgo no ano 2008.	31-12-2007	174.361,22 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores de Baiona para a realización do proxecto de conservación e mellora das condicións ambientais na foz do Miñor.	31-12-2007	120.060,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Asemblea da Comunidade Autónoma de Galicia da Cruz Vermella Española de colaboración en materia de pesca e salvamento marítimo.	7-1-2008	65.000,00 €
Convenio de colaboración entre a <i>Fundación Galicia Europa</i> e a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, para destacar persoal na oficina da Fundación en Bruxelas.	1-2-2008	3.909,03 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Concello de Lugo para o desenvolvemento dun programa piloto de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos entre o alumnado de centros docentes públicos en que o concello exerce as súas competencias.	21-2-2008	Sen contido económico
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a <i>Fundación Lonxanet</i> para la Pesca Sostenible coa finalidade de propiciar a futura constitución dos grupos de acción costeira no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.	21-2-2008	90.000,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a <i>Fundación Lonxanet</i> para la Pesca Sostenible, para propiciar a creación de reservas mariñas de interese pesqueiro polas organizacións pesqueiras integradas na rede de comunidades pesqueiras artesanais polo desenvolvemento sustentable.	12-3-2008	116.000,00 €
Addenda para a segunda prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a agrupación de interese económico Lonxa de Campelo para a realización do proxecto de estabilización produtiva da Ría de Pontevedra.	31-3-2008	514.483,20 €